



CONCELLO DE ORDES

(A CORUÑA)

ACTA Nº 11/2025

FOLLA Nº 1

CONCELLO DE ORDES

PROVINCIA DE A CORUÑA

ACTA DA SESIÓN ORDINARIA, CELEBRADA POLO PLENO CORPORATIVO MUNICIPAL O DIA CATRO DE DECEMBRO DE DOUS MIL VINTE E CINCO.

En Ordes, a catro de decembro de dous mil vinte e cinco.

Na Sala de Conferencias, Baixos da Alameda, rúa Xoxardo, Ordes, reúnese en primeira convocatoria a Corporación Municipal en Sesión Ordinaria, baixo a Presidencia de D. JOSÉ LUIS MARTÍNEZ SANJURJO, Alcalde-Presidente, e coa asistencia dos Srs. Concelleiros.

- D^a. ANA MARÍA SONEIRA LIÑARES
- D. JOSE ANTONI CABEZA FRAGA
- D. ABEL BLANCO VIQUEIRA
- D^a. SUSANA GARCÍA GÓMEZ
- D^a. YESSICA LÓPEZ VARELA
- D. JOSÉ MANUEL RODRÍGUEZ MÉNDEZ
- D. PABLO VÁZQUEZ CANDAL
- D^a. ALBA VILARIÑO NOGAREDA
- D^a. MARIA VIEITES CALVO
- D. AVELINO CANDAL FARIÑA
- D^a. MARÍA MARTÍNEZ VIEITES
- D. MANUEL ANTONIO VILLAVERDE REY
- D^a. MARÍA CONCEPCIÓN BERDOMÁS GARCÍA
- D^a. NOELIA RIVADAS LÓPEZ

NON ASISTE:

- D. PABLO VIDAL RÍOS
- D. GONZALO VEIRAS CARNEIRO

Asiste o Sr. Secretario da Corporación D. Juan Luís González Iglesias, que dá fe do acto. Está presente na sesión o Sr. Interventor da Corporación D. Javier Siro Suárez Rodríguez.

Aberta a sesión e declarada pública pola Presidencia ás dezanove horas e trinta minutos, previa comprobación do quórum de asistencia preciso para que poida ser iniciada, procedéndose a coñecer dos asuntos incluídos na orde do día.

1. APROBACIÓN ACTA DA SESIÓN ANTERIOR.

Polo Sr. Alcalde-Presidente procédese a preguntar aos demais membros da Corporación se teñen algo que obxectar á acta da sesión ordinaria de data 30 de outubro de 2025, cuxa minuta foi distribuída coa convocatoria, todo isto ao abeiro do disposto no art. 91 do Regulamento de Organización, Funcionamento e Réxime Xurídico das Entidades Locais.



CONCELLO DE ORDES

(A CORUÑA)

A acta da sesión ordinaria, de data 30 de outubro de 2025, resultou aprobada por maioría de quince votos a favor, sendo dezasete o número legal de membros da Corporación.

2. INFORMES DA ALCALDÍA.

Polo Sr. Alcalde non se informa de ningunha actuación municipal.

3. PLAN NORMATIVO MUNICIPAL PARA O ANO 2026.

Vista a proposta sobre Plan normativo municipal para o ano 2026 (**Expdte 2025/G013/000001**).

Visto o disposto no artigo 132 da Lei 39/2015, de 1 de outubro (LPACAP),

Visto o ditame favorable da Comisión Informativa Permanente de Asuntos Xerais do Pleno, de data 28/11/2025.

Aberto o debate prodúcense as intervencións seguintes.

Intervén a Sra. Rivadas López, voceira do grupo político PSdeG-PSOE, que sinala que cando un concello aproba un plan normativo non so está a facer un trámite para cubrir o expediente, tamén está a dicirle ás persoas que normas se queren aprobar, para que e cando. O plan normativo non debería ser un copia e pega, debería ser un compromiso público. Levamos varios anos vendo os mesmos títulos, logo non hai tramitación e aprobación en pleno. A lista de normativa repítese, non son temas menores, son unha batería de normas que afectan á vida diaria, aos servizos e logo non se executan. O plan ven a converterse nun mero decorado. Mentres tanto o que consideran importante, o que piden que é xusto non figura. Neste mesmo pleno solicitaron unha ordenanza do uso do galego, foi rexeitada no seu momento e agora non figura incluída neste plan. Fai dous anos este goberno municipal utilizou o plan normativo para ameazar á oposición coa posibilidade de limitar o número de rogos a formular no pleno, menos mal que recuaron, por que consideran que isto sería un ataque á participación democrática e o control público. Van a esixir menos burocracia e máis calendario. Corresponde elaborar un calendario para cada iniciativa, determinar os prazos da súa elaboración e votación posterior. Calcular anualmente o grao de execución do plan normativo, determinar tamén un obxectivo de cumprimento. Establecer prioridades reais. Escoller as normas de maior urxencia e tramitarse en serio. Están a favor de que se regulen todas estas cuestións que figuran no plan e máis aínda. Van a absterse polo dito anteriormente. Non se inclúe normativa que si consideran imprescindible e polas experiencias anteriores dos últimos anos deducen que se traducirá ao fin do exercicio vindeiro en papel mollado.

Intervén o Sr. Candal Fariña, en representación do grupo político BNG, que sinala que máis do mesmo. Levamos un montón de anos co mesmo plan, ano tras ano estamos a falar sempre da mesma cousa e que nunca se chegue a nada. Este é plan que fai falta, necesario, xa se aprobou no ano 2025 e non se tramitou e aprobou ningunha. Demostra a falta de organización do concello. A ordenanza reguladora de publicidade nos espazos municipais é moi necesaria, a ver se dunha vez nos autorizan a poñer un anuncio no Mesón do Vento para a Feira da Adina. A ordenanza reguladora de actividades extractivas no monte e mantemento das vías públicas, é moi importante por que son coñecedores de moitos problemas que hai en moitos camiños nas que árbores que non se coidan impiden o paso. Van a estar a favor por que estas ordenanzas son necesarias. Pídenlle ao alcalde que desta vez se avance, que sexan capaces da súa aprobación no ano 2026.



CONCELLO DE ORDES

(A CORUÑA)

Intervén o Sr. Alcalde, que sinala que todo o que plantexan está moi ben. Non quere minusvalorar o traballo dos técnicos, varias das ordenanzas e dos regulamentos teñen os borradores en riba da mesa desde hai varios anos, o traballo e o tempo que teñen é para o que lles da. Pide na medida do posible publicamente toda a implicación que poidan ter para sacar adiante estas ordenanzas.

Tras unha pequena deliberación, o Pleno Corporativo Municipal en votación ordinaria, por maioría de trece votos a favor (9 grupo político PP, 4 grupo político BNG), coas abstencións (2 grupo político PSdeG-PSOE), sendo dezasete o número legal dos seus membros, adoptou o acordo seguinte:

- Aprobar o Plan normativo municipal do Concello de Ordes para o ano 2026.
- Proceder á publicación do Plan Anual Normativo do Concello Ordes no Portal de Transparencia.

4. APROBACION INICIAL DERROGACIÓN DE REGULAMENTOS DE ORGANIZACIÓN E FUNCIONAMENTO DE DETERMINADOS SERVICIOS MUNICIPAIS.

Expediente de derogación de regulamentos de organización e funcionamento de determinados servizos municipais (**Expdte. 2025/G014/000002**).

Visto o informe da Secretaría Xeral.

Visto o ditame favorable da Comisión Informativa Permanente de Asuntos Xerais do Pleno, de data 28/11/2025.

Aberto o debate prodúcense as intervencións seguintes.

Intervén a Sra. Rivadas López, voceira do grupo político PSdeG-PSOE, que sinala que están a favor desta derogación por que afectan a servizos que non se están a prestar na actualidade. Non se prevé a súa recuperación o ordenado é evitar ter normativa fantasma.

Intervén o Sr. Candal Fariña, en representación do grupo político BNG, que sinala que se trata de normativa que non se aplica o lóxico é que se derogue.

Tras unha pequena deliberación, o Pleno Corporativo Municipal en votación ordinaria, por maioría de quince votos a favor (9 grupo político PP, 4 grupo político BNG, 2 grupo político PSdeG-PSOE), sendo dezasete o número legal dos seus membros, adoptou o acordo seguinte:

1.- Aprobar inicialmente a derogación dos regulamentos de organización e funcionamento de determinados servizos municipais:

- Banco municipal do tempo.
- Unidade psicosocial.

2.- Abrir un trámite de información pública durante un prazo de trinta días, dentro dos cales os interesados poderán examinar o expediente na Secretaría municipal e presentar as reclamacións que estimen oportunas, publicándose o anuncio de exposición no BOP, no



CONCELLO DE ORDES

(A CORUÑA)

Taboleiro de Anuncios da sede electrónica do Concello e nun dos diarios de maior circulación da provincia.

3.- Rematado o período de información pública, adoptárase o acordo definitivo que proceda, resolvendo, no seu caso as reclamacións presentadas.

No caso de que non se houbera presentado ningunha reclamación, entenderase definitivamente adoptado o acordo ata entón provisional.

5. APROBACIÓN MODIFICACIÓN DA RELACIÓN DE POSTOS DE TRABALLO DO CONCELLO DE ORDES.

Expediente de modificación da Relación de Postos de Traballo (**Expdte. 2025/E004/000001**).

Visto o disposto no art. 202 da Lei 2/2015, de 19 de abril.

Visto o informe da Secretaría Xeral.

Visto o ditame favorable da Comisión Informativa Permanente de Contas, Facenda e Persoal, de data 28/11/2025.

Aberto o debate prodúcense as intervencións seguintes.

Intervén a Sra. Rivadas López, voceira do grupo político PSdeG-PSOE, que sinala que entenden que nalgúns casos a creación e reorganización de postos responde a una proposta técnica orientada á mellora da organización interna e eficiencia e que se traducirá nunha mellora da calidade do servizo público ou polo menos é o que se pretende. Valoran positivamente que determinados departamentos se vexan reforzados. Xunto con estes avances, queren ser claras noutros puntos que consideran críticos. Estanse a perpetuar situacións de emprego precario, a día de hoxe contan cun posto de educación social, de nova creación, cunha xornada parcial e de carácter fixo discontinuo, o que nos converte nunha entidade xeradora de precariedade laboral. Esta realidade tivo consecuencias, xa tivemos problemas para cubrir esta praza. Por iso levan tempo solicitando que este posto sexa a xornada completa e de carácter continuado. As características da intervención social, responsabilidade, planificación e avaliación xustifican plenamente unha dedicación completa e estable, esta modificación permitiría mellorar o servizo, mellorando a atención, garantindo a súa continuidade, algo que as propias familias e usuarios agradecerían moito, traducíndose a súa vez nun servizo máis sólido e de maior calidade. No relativo á piscina climatizada o persoal dispoñible segue a ser claramente insuficiente. Este non é un debate teórico, é un problema coñecido, reiterado e acreditado polas numerosas queixas rexistradas polas persoas usuarias desta instalación. O máis preocupante e que esta situación non é nova, mantense no tempo sen unha resposta proporcional, afectando directamente á atención, ao funcionamento ordinario da instalación e á experiencia das persoas usuarias. Un servizo necesario non pode manterse de maneira estrutural cunha dotación de persoal insuficiente, nin pode a administración asumir como normal aquilo que a cidadanía está a denunciar unha e outra vez. Nos postos de socorrismo da piscina de O Muíño falamos de novo de contratos fixos discontinuos, con condicións laborais que consideran pouco compatibles coa estabilidade que esixe un servizo esencial de seguridade. A súa proposta é moi clara, aumentar a dotación de postos de socorristas para que se poida dar cobertura durante todo o ano ás dúas piscinas, mellorando o servizo e as condicións laborais. Permitiría evitar o peche da piscina climatizada no mes de agosto, reforzando a continuidade do servizo, aumentar a dotación de persoal de maneira acorde coa demanda real, mellorar as condicións dos servizos ofrecidos en canto á



CONCELLO DE ORDES

(A CORUÑA)

atención, seguridade e funcionamento e ao meso tempo dignificar o emprego das persoas que ocupan estes postos. Van a absterse neste punto, vai a necesitarse moita sorte para cubrir algúns dos postos que figuran na RPT.

Intervén a Sra. Vieites Calvo, en representación do grupo político BNG, que sinala que estamos non so ante unha modificación da RPT, senón tamén unha modificación do organigrama de responsabilidades e persoal que vai a asumir determinados traballos. Votan en falta que se poñan en común outros puntos de vista coa oposición para analizar que partes desta organización ven máis viables de reforzar. Non se quixo ten en conta outros puntos de vista polo que van a votar a modificación da RPT que se lles achega. Non existe un acordo asinado pola totalidade a representación sindical existente no concello.

Intervén o Sr. Secretario, que aclara que se convocou á Mesa de Negociación a todas as organizacións sindicais, pero non todas as organizacións sindicais teñen dereito a votación. Toas manifestaron a súa vontade, pero os votos que realmente hai que ter en conta son os dos delegados de persoal e o sindicato ao que representan estes delegados de persoal.

Intervén a Sra. Vieites Calvo, que sinala que aínda así, habendo varias forzas sindicais presentes na xuntanza non houbo un voto favorable de todas elas.

Intervén o Sr. Secretario, que aclara que a posición da CIG no foi un voto en contra, por que non tiña recibido a documentación da modificación que lle foi notificada telematicamente. Na reunión vista a explicación do contido da modificación da RPT non manifestou a súa oposición.

Intervén a Sra. Vieites Calvo, que sinala que unha abstención non avala un voto favorable. Vendo a RPT vixente é claro que temos unha grande carencia de persoal, como se puxo se manifesto no punto de aprobación do plan normativo municipal, no que a carga de traballo non permite asumir o seu cumprimento. Saben do esforzo que fan os traballadores municipais en sacar adiante o seu traballo e polo que creen que se queremos unha administración áxil debemos apostar por reforzar os recursos humanos dos que nos dotamos, Con esta modificación da RPT estas expectativas non se ven cumpridas. Como expuxeron non pleno anterior a taxa de reposición de efectivos está vinculada á aprobación dos orzamentos xerais do estado e refírese á anualidade 2023. Non se produciu unha prórroga da taxa de reposición. Existe sentenzas de varios órganos xurisdiccionais.

Intervén o Sr. Alcalde, que sinala que os que fan os informes da vixencia da taxa de reposición de efectivos son os técnicos. É o primeiro que pide que non se aplique, pero os que fan o informe son os técnicos.

Intervén a Sra. Vieites Calvo, que sinala que votan en falta que non se aproveite esta conxuntura para dotarse de todo o persoal que fai falta, que faga que o concello sexa unha administración áxil na tramitación dos expedientes e na atención aos veciños. Por iso van a absterse na votación.

Intervén o Sr. Alcalde, que sinala que para que estas prazas poidan ser obxecto de oferta de emprego o primeiro é que teñen que estar aprobadas. Si algo fixeron ven os técnicos e os representantes dos traballadores é poñerse de acordo para ver como se reestruturaba o persoal. Houbo un acordo de vontades para mellorar, ao mesmo tempo vai a supor un esforzo económico do capítulo un, gastos de persoal, do orzamento 2026, que vai a verse incrementado dunha maneira significativa.

Intervén o Sr. Secretario, que sinala que a oferta de emprego está vinculada ao orzamento municipal. Na oferta de emprego de 2025 so se poden incluír as prazas dotadas orzamentariamente. Os postos que se inclúen na modificación da RPT non figuran incluídos como prazas dotadas orzamentariamente nos orzamentos de 2025 non poden ser obxecto de



CONCELLO DE ORDES

(A CORUÑA)

OPE no ano 2025, terían que incluírse na OEP 2026, unha vez aprobados os orzamentos dese exercicio.

Intervén o Sr. Alcalde, que sinala que a piscina climatizada ten que pecharse no mes de agosto, senón é imposible facer o mantemento. Saquen da cabeza o ter unha piscina climatizada aberta de maneira continua doce meses ao ano. Por unha cuestión sanitaria é totalmente inviable estea quen estea no goberno. Todas as outras cuestións, verán que se os informes dos técnicos son favorables.

Tras unha pequena deliberación, o Pleno Corporativo Municipal en votación ordinaria, por maioría de nove votos a favor (9 grupo político PP), coas abstencións (4 grupo político BNG, 2 grupo político PSdeG-PSOE), sendo dezasete o número legal dos seus membros, adoptou o acordo seguinte:

1.- Aprobar inicialmente a modificación da relación de postos de traballo.

2.- Abrir un trámite de información pública mediante anuncio no Boletín Oficial da Provincia, por vinte días hábiles, durante os cales os interesados poderán examinala e presentar reclamacións ante o Pleno.

O acordo considerárase definitivamente aprobado se durante o citado prazo non se presentaron reclamacións, alegacións ou suxerencias. No caso de que se presenten reclamacións serán resoltas polo Concello Pleno no prazo dun mes.

3.- Unha vez aprobada definitivamente, da modificación da relación de postos de traballo remitirase copia aos órganos competentes da Administración Xeral do Estado e da Administración Xeral da Comunidade Autónoma de Galicia dentro do prazo de trinta días, e será publicada integramente no Boletín Oficial da Provincia

6. PARTICIPACIÓN PLAN PROVINCIAL DE COOPERACIÓN ÁS OBRAS E SERVIZOS DE COMPETENCIA MUNICIPAL, POS+ ADICIONAL 4/2025. 2ª FASE.

Vista a Base 15 das Bases reguladoras do Plan provincial de cooperación ás obras e servizos de competencia municipal (Plan único de concellos) POS+ 2025, pola que se regula o POS+ Adicional 4/2025 (BOP nº 192, de data 08/10/2025).

A achega provincial asignada a este concello neste POS+ Adicional 4/2025 é por importe de **367.656,98 €**.

Vistos os obxectos (gastos correntes, redución da débeda, investimentos financeiramente sostibles) aos que poden aplicarse a achega provincial asignada a este Concello.

Vistas as fases [(1ª Fase: financiamento gasto corrente e redución de débeda) (2ª Fase: financiamento de investimentos financeiramente sostibles)] do POS+ Adicional 4/2025 nas que pode participar este concello, ata esgotar o importe asignado neste Plan.

Visto o ditame favorable da Comisión Informativa Permanente de Obras e Urbanismo, de data 28/11/2025.

Aberto o debate prodúcense as intervencións seguintes.



CONCELLO DE ORDES

(A CORUÑA)

Intervén a Sra. Rivadas López, voceira do grupo político PSdeG-PSOE, que sinala que teñen falado coa veciñanza destas obras, unha das súas queixas era precisamente o mal estado das pistas que dan acceso ás súas vivendas. O ano pasado trouxeron un rogo do mal estado das pistas en Mañufe, agora van a financiarse, benvidas sexan. Van a votar a favor. Piden que se vaian priorizando outras obras como as de Fosado, a veciñanza está a transitar por unhas pistas que non son propias do ano 2025.

Intervén o Sr. Alcalde, que sinala que as obras en Fosado están incluídas non POS+ Adicional 2/2025. Está pendente da obtención das autorizacións sectoriais e seguidamente a Deputación Provincial autorice proceder á súa contratación.

Intervén o Sr. Candal Fariña, en representación do grupo político BNG, que sinala que tamén consideran necesario o arranxo das pistas municipais. Recórdalle ao Alcalde que o POS+ son cartos que veñen da Deputación. No ano 2024 o concello de Ordes recibiu da Deputación unha cantidade de 2,5 millóns de euros, para que despois non ande dicindo que a Deputación financia aos concellos segundo a súa cor política. Gustaríalle que no pleno seguinte informe canto diñeiro aportou a Xunta de Galicia ao concello no mesmo período, que é da mesma cor. Ven necesario o arranxo destas pistas, non so son estas hai moitas. Hai que empezar por unhas. Non é so arranxar cando se estragan, ao longo de doce anos que se leva gobernando descoidouse totalmente o traballo nas pistas, se non hai un mantemento como é debido claro que se desfán, o que implica que no orzamento deste ano gastamos o vinte por cento en arranxo de pistas, son moitos cartos. Se houbera un mantemento acaído a cada lugar falaríase doutro porcentaxe de investimento. Dende o ano 1995 o BNG a súa reclamación sempre foi o abastecemento e saneamento dos lugares, despois de doce anos debería haber un estudo global do concello. É posible con fosas sépticas ou con fontes feitas e tratamento para cada lugar poderíanse aproveitar estes cartos que se van a meter nestas pistas, contemplar o abastecemento e saneamento. En Vilasenin non se entende por que na metade da aldea se vota aglomerado e na outra metade formigón. Non sabe se cabe a posibilidade de cambialo.

Intervén o Sr. Alcalde, que sinala que sempre plantexan o mesmo. Resulta curioso que diga o que investiu a Deputación e despois non voten aquí a favor de ningunha delas. Os cartos que se destinan ao POS+ son os cartos que lle corresponden aos concellos baixo criterios obxectivos, non son os cartos da Deputación que se reparten a través de nominativas, cos que se quedan vostedes. Se vostedes tiveran a capacidade para non darlle ningún euro aos concellos gobernados polo PP, exactamente igual como fan coas nominativas, o terían feito. Esa realidade, hai que contarlla aos veciños. O ano pasado non foron 2,4 millón de euros, foron 1,5 millóns de euros. Cando queira analizar as aportacións da Xunta de Galicia sume as que figuran nos acordos da Xunta de Goberno Local e verá os investimentos reais da Xunta de Galicia neste concello. Estas obras son necesarias, comentadas cos veciños segundo as necesidades. Se unha zona vai formigonada é por que non hai maneira de recoller as pluviais e hai que recollelas aos centros é hai que meter tubos, nas zonas nas que é posible, hai cunetas, hai maneira de facer os bombeos aos laterais, é posible meter aglomerado no firme, permite facer máis metros. Temos máis de 400 qm de vías asfaltadas, en dez anos conseguiron aglomerar máis de 200. Se se destinasen os cartos a mantemento ou regos non se poderían ter executado eses quilómetros en aglomerado. Hai xente que o entende e que o esixe para que lles dure máis a posteriori. As decisións adóptanse nesa liña. O plan de abastecemento polo que preocupa demostra que non mira as XGL, que está aprobado para toda a rede municipal dende o ano 2024. O concello está incluído non proxecto piloto de elaboración do plan de saneamento da Xunta de Galicia dende comezos deste ano. Segundo ese estudo de acordo co marco e directrices europeas determinarase onde será necesario executar proxectos de saneamento nos próximos vinte anos, e onde pola singularidade deses núcleos os veciños terán que servirse con fosas propias.



CONCELLO DE ORDES

(A CORUÑA)

Tras unha pequena deliberación, o Pleno Corporativo Municipal en votación ordinaria, por maioría de quince votos a favor (9 grupo político PP, 4 grupo político BNG, 2 grupo político PSdeG-PSOE), sendo dezasete o número legal dos seus membros, adoptou o acordo seguinte:

1.- Participar na segunda fase do Plan provincial de cooperación ás obras e servizos de competencia municipal (Plan único de concellos) **“POS+ ADICIONAL 4/2025”** da Deputación Provincial da Coruña, cuxas Bases se coñecen e aceptan na súa totalidade, e solicitar a aplicación da achega provincial asignada ao financiamento dos investimentos financeiramente sostibles que se indican a continuación:

DENOMINACIÓN	Financiamento dos investimentos				
	Deputación	Concello			Orzamento total
		Achega municipal	IVE soportado deducible	Total concello	
Accesos a Perra dende a AC-409 (Mercurín) e outros	155.731,88 €	49.132,47 €	0,00 €	49.132,47 €	204,864,35 €
Accesos Villasenín, Bailía e Espiñeira (Leira)	211.925,10 €	66.861,10 €	0,00 €	66.861,10 €	278,786,20 €
TOTAL	367.656,98 €	115.993,57 €	0,00 €	115.993,57 €	483.650,55 €

Aprobar os proxectos das obras ou os pregos das subministracións que se relacionan nesta táboa.

2.- Declarar que o concello ten a dispoñibilidade dos terreos, augas e servidumes para a execución dos investimentos, e que ten resolto todo o relacionado coas concesións e autorizacións administrativas que legalmente sexan necesarias.

3.- Comprometerse o concello a incluír no orzamento municipal os fondos necesarios para facer fronte á achega municipal dos investimentos incluídos na anualidade do 2025.

4.- Solicitar da Deputación Provincial da Coruña a delegación neste concello da contratación e execución das obras ou subministracións incluídas no Plan, que se entenderá aceptada coa participación do concello no Plan.

5.- Declarar que o concello non solicitou nin percibiu ningunha subvención doutras Administracións públicas para o financiamento das distintas actuacións incluídas neste Plan, e no caso de que existan axudas ou subvencións concorrentes doutras Administracións, achégase o detalle de cada unha delas, acreditándose que a súa suma total non supera o 100% do seu importe.

6.- Autorízase á Deputación Provincial da Coruña a obter as certificacións da Axencia Estatal de Administración Tributaria e da Tesourería da Seguridade Social nas que se acredite que o concello está ao corrente nas súas obrigas tributarias e coa Seguridade Social.

7.- Facultar expresamente á Alcaldía para todo o relacionado coa tramitación e xestión do presente acordo e o correspondente expediente.

7. ENCOMENDA DE XESTIÓN DEPUTACIÓN PROVINCIAL LICITACIÓN E EXECUCIÓN DAS OBRAS MUNICIPAIS INCLUIDAS NO PROXECTO: DP 5905 MELLORA DA SEGURIDADE VIARIA NA ESTRADA. ACCESO A POULO DENDE A DP 3802 ORDES A PONTE CARREIRA. PUNTO QUILOMÉTRICO 0+000 AO 1+300 (ORDES) integrado no PLAN DE SENDAS PEONÍS 2024.



CONCELLO DE ORDES

(A CORUÑA)

A efectos do establecido no art. 83 do R.D. 2568/1986, de 28 de novembro (ROF), polo Sr. Alcalde-Presidente sométese ao Pleno da Corporación, por razóns de urxencia, este expediente que inicialmente non figuraba incluído na orde do día.

Polo Sr. Alcalde xustifícase a urxencia en que é necesario remitir á Deputación Provincial o acordo de encomenda de xestión e compromiso de financiación para a formalización, antes do 31/12/2025, o convenio de cooperación en relación coas obras correspondentes aos servizos municipais, competencia do Concello de Ordes, que figuran incluídas no proxecto DP 5905 MELLORA DA SEGURIDADE VIARIA NA ESTRADA. ACCESO A POULO DENDE A DP 3802 ORDES A PONTE CARREIRA. PUNTO QUILOMÉTRICO 0+000 AO 1+300 (ORDES) integrado no PLAN DE SENDAS PEONÍS 2024.

O Pleno Corporativo municipal por maioría de quince votos a favor, sendo dezasete o número legal dos seus membros, acordou a inclusión deste asunto na orde do día.

Redactouse o proxecto técnico de obras **DP 5905 MELLORA DA SEGURIDADE VIARIA NA ESTRADA. ACCESO A POULO DENDE A DP 3802 ORDES A PONTE CARREIRA. PUNTO QUILOMÉTRICO 0+000 AO 1+300 (ORDES)**, por Pablo Blanco Ferreiro, enxeñeiro de camiños, c. e p., data 02/2025, por importe total de 926.816,11 €.

Este proxecto contempla unha partida para a instalación das redes de abastecemento e saneamento que son de competencia municipal [arts. 25.2.c) e 261.a) da Lei 7/1985, de 2 de abril, LBRL] e que ascende á cantidade de orzamento base de licitación (con IVE) de 154.305,98 €.

O resto das obras incluídas neste proxecto son competencia da Deputación Provincial, figurando incluídas no Plan de Sendas Provinciais 2024 e que ascenden á cantidade orzamento base licitación (con IVE) 772.510,13 €.

Segundo o art. 11.1 e 3.b) da Lei 40/2015, de 1 de outubro (LRXSP). A realización de actividades de carácter material da competencia do Concello de Ordes poderá ser encomendada á Deputación Provincial, sempre que entre as súas competencias estean esas actividades, por razóns de eficacia, que se formalizará mediante a firma do correspondente convenio.

Para a execución das obras de competencia municipal pola Deputación Provincial debe formalizarse así un convenio de cooperación con esta entidade local no que se establezan as obrigas das partes, correspondendo ao concello de Ordes a financiación das obras de abastecemento e saneamento.

Visto o **documento contable RC. Orzamento de gastos 2025. Nº OPERACIÓN: 59/2025 – 220250007383**, de data 28/11/2025, obras municipais incluídas no proxecto DP 5905 MELLORA DA SEGURIDADE VIARIA NA ESTRADA. ACCESO A POULO DENDE A DP 3802 ORDES A PONTE CARREIRA. PUNTO QUILOMÉTRICO 0+000 AO 1+300 (ORDES): por importe de **154.305,98 €**.

Visto o ditame, de data 28/11/2025, da Comisión Informativa Permanente de Obras e Urbanismo.

Aberto o debate prodúcense as intervencións seguintes.



CONCELLO DE ORDES

(A CORUÑA)

Intervén a Sra. Rivadas López, voceira do grupo político PSdeG-PSOE, que sinala que se trata dunha actuación que vai a ser ben acollida pola veciñanza que permitirá aumentar os servizos de abastecemento e saneamento, co cal van votar a favor.

Intervén o Sr. Candal Fariña, en representación do grupo político BNG, que sinala que tamén van votar a favor. Ao ver o proxecto vese que é unha obra interesante. É un proxecto completo, inclúe todo abastecemento, saneamento. Van votar a favor.

Tras unha pequena deliberación, o Pleno Corporativo Municipal, por maioría de quince votos a favor (9 grupo político PP, 5 grupo político BNG, 2 grupo político PSdeG-PSOE), sendo dezasete o número legal dos seus membros, adoptou o seguinte acordo:

1.- Aprobar o proxecto das obras: **DP 5905 MELLORA DA SEGURIDADE VIARIA NA ESTRADA. ACCESO A POULO DENDE A DP 3802 ORDES A PONTE CARREIRA. PUNTO QUILOMÉTRICO 0+000 AO 1+300 (ORDES)**, redactado por Pablo Blanco Ferreiro, enxeñeiro de camiños, c. e p., data 02/2025, por importe total de **926.816,11 €**.

2.- Solicitar á Deputación encomenda da licitación e execución das obras municipais incluídas no proxecto DP 5905 MELLORA DA SEGURIDADE VIARIA NA ESTRADA. ACCESO A POULO DENDE A DP 3802 ORDES A PONTE CARREIRA. PUNTO QUILOMÉTRICO 0+000 AO 1+300 (ORDES): instalación das redes de abastecemento e saneamento e que ascenden á cantidade de orzamento base de licitación (con IVE) de **154.305,98 €**.

3.- Comprometerse ao financiamento da parte das obras correspondente aos servizos municipais.

8. DAR CONTA DAS RESOLUCIÓNS E DECRETOS DA ALCALDÍA.

En cumprimento do disposto no art. 42 do Regulamento de Organización, Funcionamento e Réxime Xurídico das Entidades Locais, a Presidencia da conta das resolucións e decretos de Alcaldía adoptados dende a última sesión ordinaria celebrada o día 30 de outubro de 2025, para que os Srs. Concelleiros coñezan o desenvolvemento da administración municipal, aos efectos de control e fiscalización dos órganos municipais de goberno, previsto no art. 22.2.a da Lei 7/1985 de 2 de abril e art. 42 do Regulamento de Organización, Funcionamento e Réxime Xurídico das Entidades Locais.

9. MOCIÓNS.

Concluído o exame dos asuntos incluídos na orde do día e antes de pasar á quenda de rogos e preguntas o Sr. Alcalde-Presidente pregunta se algún grupo político desexa someter á consideración do Pleno por razóns de urxencia algún asunto non comprendido na orde do día que acompañaba a convocatoria nos termos establecidos no art. 34.2 do Regulamento Orgánico Municipal e que non teña cabida no punto de rogos e preguntas.

Polos grupos políticos preséntanse, por razóns de urxencia, as mocións que se transcriben a continuación.

Intervén a Sra. Rivadas López, voceira do grupo político PSdeG-PSOE, que presenta unha moción sobre modificación dos orzamentos xerais da Xunta de Galicia para 2026 para a inclusión de partidas específicas de obras a realizar no Concello de Ordes.



CONCELLO DE ORDES

(A CORUÑA)

Sometida a votación a urxencia da moción presentada, esta foi rexeitada por maioría de nove votos en contra (9 grupo político PP), sete votos a favor (5 grupo político BNG, 2 grupo político PSdeG-PSOE), sendo dezasete o número legal de membros desta corporación, non procedendo seguidamente o seu debate e votación.

Pola Sra. Rivadas López, renúnciase á lectura do texto (exposición de motivos e proposta de acordos a adoptar) da moción.

10. ROGOS E PREGUNTAS.

Ao abeiro do disposto no art. 21 do Regulamento Orgánico Municipal, o Sr. Alcalde-Presidente abre unha quenda de rogos e preguntas, dirixíndose aos Srs. Concelleiros por se desexan intervir neste sentido, sinalando que as preguntas formuladas polos Srs. Concelleiros serán contestadas polo seu destinatario na sesión seguinte, sen prexuízo de que o preguntado queira darlle resposta inmediata.

Primeiramente ábrese unha quenda de formulación de rogos polos distintos grupos políticos e concelleiros.

Intervén a Sra. Rivadas López, en representación do grupo político PSdeG-PSOE, que formula os rogos seguintes:

- Na actualidade, o Concello de Ordes non conta cunha zona habilitada para agardar o transporte público á altura da casa consistorial, nin en dirección a Santiago de Compostela nin en dirección á Coruña, na estrada N-550. Esta situación vese especialmente agravada no caso da parada en dirección á Coruña, onde as persoas usuarias do transporte público adoitan agardar no portal do edificio que se aprecia na imaxe.

Ata o de agora, esta circunstancia supoñía principalmente unha dificultade para quen esperaba polo transporte e para as persoas viandantes pero dende que o inmobile diante do que se agarda está habitado, esta situación tamén xera molestias e problemas de convivencia para os veciños e veciñas que residen nel.

Ademais, a ausencia dun taboleiro informativo ou pantalla que indique os horarios e frecuencias do transporte público provoca que moitas persoas teñan que acudir aos establecementos da zona para solicitar información, xerando molestias tanto para as persoas usuarias como para os propios comerciantes e hostaleiros.

Solicitamos ao señor Alcalde:

- Que se solucione o problema exposto mediante a habilitación dunha zona cuberta para agardar o transporte público.
- Que se instalen paneis informativos coas frecuencias horarias do transporte público.

Intervén o Sr. Alcalde, que sinala que nas vindeiras datas procederase coa execución das obras. Solicitáronse dúas marquesiñas á Xunta de Galicia, que lle foron concedidas. Houbo un problema coa autorización da Demarcación de Estradas do Estado en Galicia que foi resolta o



CONCELLO DE ORDES

(A CORUÑA)

pasado día 27/11/2025. Hai outras dúas marquesiñas solicitadas, Ordes como cabeceira de comarca, unha soa marquesiña en cada un destes puntos pode non ser suficiente. Se se lles conceden deixarán prevista a obra para que se poidan colocar dobres. Poñerase información, se é viable, no panel informativo do concello. En diferentes locais teñen información das rutas.

- A veciñanza do Fondo da Aldea vén trasladando as súas queixas respecto ao estado no que quedaron as pistas recentemente arranxadas na zona. A principal problemática que expoñen é que, tras as obras realizadas, as pistas quedaron excesivamente estreitas, o que dificulta gravemente o tránsito da maquinaria necesaria para a actividade diaria das explotacións gandeiras existentes na parroquia.

Resulta evidente que esta maquinaria debe pasar de maneira habitual polas devanditas pistas, dado que existen persoas que dependen profesionalmente da gandería e precisan acceder ás súas leiras e instalacións en condicións adecuadas. Porén, na actualidade, a largura da vía xera manobras perigosas, danos colaterais e atrasos na actividade produtiva, ademais de supoñer un risco tanto para os condutores como para os demais usuarios da vía.

Adicionalmente, esta situación está a provocar conflitos entre veciños, pois algunhas persoas amósanse contrarias a que maquinaria pesada circule pola pista ao temer que o pavimento —recentemente arranxado— se deteriore. Esta oposición deriva nun clima de tensión que afecta á convivencia da contorna e que evidencia a necesidade de que o Concello interveña para garantir unha solución equilibrada, que permita compatibilizar o bo estado das vías coa actividade económica esencial da zona.

As pistas rurais son infraestruturas fundamentais para o desenvolvemento das actividades agrarias e gandeiras, e deben estar dimensionadas de maneira axeitada para a realidade do territorio. Cando as actuacións municipais non teñen isto en conta, xéranse problemas como os que actualmente afectan ao Fondo da Aldea, que poderían terse evitado cunha planificación máis axeitada ou cun proceso de diálogo previo coa veciñanza e os principais usuarios das vías.

Por todo o exposto, solicítase:

Que o goberno municipal avalíe a situación, adopte medidas que garantan a funcionalidade das pistas evitando que a mellora do pavimento se converta, paradóxicamente, nun impedimento para a actividade diaria das explotacións da zona.

Intervén o Sr. Alcalde, que sinala que non poden estar de acordo co plantexamento deste rogo. Calquera persoa que vive no rural que se dedica á actividade agraria ou forestal e ten alí a súa vivenda sabe que ten que convivir con todos os demais. Todas e cada unha destas circunstancias se poden dar. Ao final todo se traduce nun problema de convivencia. Se se aposta polo aglomerado é para que duren máis anos. O proxecto técnico cumpre con todos os criterios sinalados pola dirección das obras.

- Coa chegada do outono, estanse a identificar un número notable de niños de vespa velutina en diferentes puntos do termo municipal, tanto en árbores de propiedade privada como en árbores e espazos que son titularidade directa do Concello. A presenza destes niños supón un risco evidente para a seguridade da veciñanza, especialmente en zonas de tránsito habitual, áreas verdes, camiños rurais ou contornas próximas a instalacións municipais.



CONCELLO DE ORDES

(A CORUÑA)

A velutina constitúe unha especie invasora cun elevado potencial de expansión e cun impacto negativo tanto na saúde pública como no ecosistema, afectando tamén de forma grave á apicultura e á biodiversidade. A retirada temperá dos niños é fundamental para evitar a proliferación e reducir os riscos asociados á súa presenza.

Dado que algunhas destas estruturas se atopan en árbores ou espazos de titularidade municipal, corresponde ao Concello actuar de maneira inmediata, coordinando os servizos competentes ou procedendo á contratación dunha empresa especializada para garantir unha retirada segura e eficaz.

Por todo o anterior, e co obxectivo de protexer á veciñanza e preservar o entorno, solicítase ao goberno municipal:

Que leve a cabo a retirada dos niños de velutina detectados nas árbores que son propiedade do Concello, e que adopte medidas de vixilancia e intervención rápida ao longo de todo o ano.

Intervén o Sr. Alcalde, que sinala que se coñecen algún caso destes que lle dean traslado.

- Hai meses, este grupo político trasladou ao goberno municipal que as prazas de mobilidade reducida situadas no centro de saúde non cumprían a normativa vixente nin as características necesarias para seren utilizadas correctamente, ao careceren dunha sinalización axeitada, das medidas regulamentarias e do correspondente vao. Naquel momento indicóusenos que se trataba dunha medida provisional. Porén, a día de hoxe, as prazas continúan exactamente na mesma situación.

A isto engádese que, coa chegada das choivas, estas prazas anéganse de auga, facendo imposible o seu uso en condicións adecuadas e vulnerando, de facto, o dereito das persoas con mobilidade reducida a dispoñer dun acceso seguro e funcional ao centro de saúde.

Por todo o exposto, rogamos que o goberno municipal adopte, con carácter urxente, as medidas necesarias para adecuar estas prazas á normativa e garantir que poidan ser utilizadas en condicións óptimas durante todo o ano.

Intervén o Sr. Alcalde, que sinala que é unha actuación que teñen pendente polo que se toma en consideración

- O Estatuto dos Traballadores, no seu artigo 34.3, establece de maneira taxativa que entre o final dunha xornada laboral e o inicio da seguinte deben mediar, como mínimo, 12 horas de descanso. Esta obriga ten carácter xeral e resulta aplicable ao persoal ao servizo das administracións públicas, incluíndo o Concello, salvo excepcións moi concretas que deben estar expresamente recollidas por norma ou convenio, o que non é o caso.

O cumprimento deste descanso mínimo é un elemento esencial tanto para garantir os dereitos laborais como para protexer a saúde, a seguridade e o benestar do persoal. A vulneración deste intervalo supón un risco evidente de fatiga acumulada, diminución da capacidade de atención e incremento da probabilidade de accidentes, ademais dun impacto negativo na saúde física e mental dos traballadores e traballadoras.



CONCELLO DE ORDES

(A CORUÑA)

Consta a este grupo político que nalgúns postos de traballo do Concello non se está a respectar este descanso mínimo de 12 horas entre unha xornada e a seguinte. En concreto, indícasenos que hai persoas que rematan a súa quenda ás 22:15 e comezan a seguinte ás 8:00 pasando 9 horas e 45 minutos entre unha e outra. Esta situación supón un incumprimento directo da normativa laboral, así como unha posible infracción en materia de prevención de riscos laborais. Ademais, podería dar lugar a reclamacións formais por parte do persoal afectado, á intervención da Inspección de Traballo e á imposición de sancións á administración local como empregadora.

Cómpre lembrar que o Concello ten a obriga legal de garantir que a organización da xornada laboral e os horarios asignados ao seu persoal respecten escrupulosamente os descansos establecidos na lei. Calquera vulneración desta norma non só deteriora as condicións laborais do cadro de persoal municipal, senón que tamén afecta á calidade do servizo público prestado e compromete a responsabilidade da administración.

Por todo o anterior, solicítase:

Que o goberno municipal resolva esta situación, adopte as medidas necesarias para garantir o cumprimento da normativa e vele polo dereito do persoal a un descanso adecuado entre xornadas.

Intervén o Sr. Alcalde, que sinala que a parte do cadro de persoal que traballa por quendas acordan eles mesmos os seus cadrantes. Se algún traballador lles trasladou algo concreto que se pase polo departamento de persoal, pero que se teña claro quen fai o cadrante.

- O proxecto de explotación mineira denominado “Andrea”, promovido pola empresa Erimsa – Explotación de Rocas Industriais e Minerais S.A., ven de acadar autorización por parte da Xunta de Galicia. No proxecto sinálase a intención da empresa de desenvolver unha concesión de explotacións mineiras de cuarzo metalúrxico que afectan aos termos municipais de Frades, Mesía, Ordes e Oroso.

Este proxecto provocou unha alta preocupación social, como evidencia a presentación de 177 alegacións durante o período de exposición pública, un volume que revela a existencia de dúbidas e desacordos veciñais.

Ademais das alegacións formais, existen testemuñas directas de veciños e veciñas que tiveron relacións anteriores con Erimsa, das que se desprende:

- Que as fincas sometidas á extracción non recuperan a súa capacidade produtiva a curto nin medio prazo.
- Que, en moitos casos, foron necesarias intervencións custosas por parte dos propietarios como aportes de terra, minerais e uso de maquinaria pesada para tentar restaurar a produtividade inicial, mais sen éxito.
- Que, segundo varias persoas afectadas, hai terreos que non volveron acadar o seu valor agrario nin a capacidade de producir forraxe, debido á alteración estrutural do solo tras a actividade mineira.
- Que esta situación xera prexuízos económicos significativos tanto para explotacións agrícolas e gandeiras como para o patrimonio das propiedades.
- Que o impacto ambiental acumulado pode ter consecuencias irreversibles para as futuras xeracións: perda de solo fértil, alteración da paisaxe, modificacións na drenaxe e risco de afectación a masas de auga.



CONCELLO DE ORDES

(A CORUÑA)

Por outra banda, a propia DIA (declaración de impacto ambiental) recoñece que a explotación afecta de maneira moi significativa a terreos con vocación agrogandeira, ata o punto de establecer restricións estritas para priorizar solos de menor aptitude produtiva durante os primeiros anos da actividade. Ademais, ordénase incrementar ata 30 cm o espesor mínimo de terra vexetal na restauración, no canto dos 15 cm que propoñía a empresa, e realizar análises periódicas da fertilidade e compactación, recoñecendo implicitamente o risco real de perda de capacidade produtiva das fincas tras a extracción.

Augas de Galicia advirte que a extracción do 8% do material como cuarzo e a devolución do 92% restante pode alterar a granulometría e a permeabilidade do solo, modificando as escorrentías, diminuindo recargas de acuíferos e alterando niveis freáticos.

A empresa ofrece, en principio, a posibilidade de aluguer das parcelas en lugar da expropiación, mais isto non resolve o problema de fondo: a toma de decisións por parte dos propietarios require información veraz, contrastada e completa, incluíndo experiencias reais de explotacións anteriores, impactos ambientais e datos sobre a rendibilidade a medio e longo prazo. Sen ese coñecemento, existe un risco evidente de que propietarios e propietarias tomen decisións que prexudiquen gravemente os seus intereses económicos e os intereses ambientais colectivos do territorio.

Tendo en conta que o Concello de Ordes é a administración máis próxima á cidadanía e que ten a responsabilidade de favorecer procesos participativos e garantir que a veciñanza dispoña de información suficiente antes de adoptar decisións que afecten ao territorio e ao seu futuro socioeconómico, Solicítase:

Que o Concello de Ordes organice un encontro público no que poidan participar persoas que tiveron experiencias previas con Erimsa, para expor con claridade os efectos reais da actividade extractiva e se ofrezca á veciñanza información técnica independente sobre impactos ambientais, agrarios e económicos.

Intervén o Sr. Alcalde, que sinala que de todo o que lles consta, e xa son moitos anos, máis de tres décadas traballando, xamais houbo ningún tipo de problema nos acordos entre a empresa e a propiedade, do que lles consta. A mínima incidencia de superficie no termo municipal de Ordes é á vista plausible se contemplan o proxecto, maioritariamente termos municipais de Mesía e de Frades. As convida, xa que gobernan no concello de Mesía, que sexan eles quen leven esta iniciativa, que son os que realmente están máis afectados con este proxecto. Non houbo nunca ningún tipo de incidencia, polo Servizo de Urbanismo facilitouse toda a información que foi solicitada, e todos eses acordos do que saben foron sempre satisfactorios.

Intervén a Sra. Martínez Vieites, en representación do grupo político BNG, que formula os rogos seguintes:

- A senda peonil entre os Ramos e a Rúa, na parroquia de Buscás, está a sufrir grandes retrasos na súa execución. Calquera persoa pode comprender que as obras poden causar molestias, pero esta demora entendemos que resulta inxustificada, resultando difícil de comprender que unha vez comezadas as obras, estas permanezan tanto tempo sen que se produzan avances significativos, o que causa certo malestar na veciñanza e dificulta a circulación pola pista principal da parroquia, debido aos estreitamentos precisos para a súa execución. A veciñanza da zona trasladou a este



CONCELLO DE ORDES

(A CORUÑA)

grupo municipal, que recibiron comentarios sobre supostos erros na obra poden derivar nun estreitamento do ancho da pista para o tráfico rodado, todo isto a pesares de que as persoas propietarias efectuaron a cesión dos terreos co compromiso de non reducir o ancho da pista.

É polo que instamos ao Sr. Alcalde ao seguinte:

A requirirille a Turismo de Galicia, entidade licitadora do proxecto:

- 1.- Que informe do estado das obras e das posibles modificacións xurdidas.
- 2.- Que se axilicen os traballos para o remate da obra.

Intervén o Sr. Alcalde, que sinala que agradece o rogo. Non fai falta requirir nada Turismo de Galicia, todas as semanas están insistindo para que isto se desatasque e se saque para adiante. O compromiso de cesión foi para que se executase a obra, non se falaba do ancho da pista, é algo que din vostedes. Os erros serán na execución, se a obra se executa con forme ao proxecto non haberá ningún tipo de problema. Comprenden o malestar, son os primeiros que están insistindo. Non van permitir que a obra non se axuste ao proxecto. Unha problemática que retrasou o proxecto foi a pelexa con Telefónica, hai que recuar os postes para meter o abastecemento, que é a rede pendente de meter e despois votar o firme. Van ter que volver levantar á rígola, o firme ten que quedar con 5,80 – 5,90, o defenden todos. Houbo erros nos replantexos das fases, agora teñen que corrixilos.

- As parcelas que forman parte do solo urbano non consolidado denominado como P-OR-29 no P.X.O.M. de Ordes, namentres a súa propiedade non decida acometer o desenrolo deste solo ou levar a cabo algún tipo de aproveitamento das fincas, poderían albergar un uso provisional como aparcadoiro disuasorio que aliviase os problemas de estacionamento que poden producirse na rúa Nicolás del Río, derivados da proximidade do IES Ordes, do pavillón Castelao e do CEIP ADR Castelao.

É polo que instamos ao Sr. Alcalde ao seguinte:

A negociar coa propiedade, a cesión provisional dos citados terreos ao concello de Ordes, co gallo de implantar na zona un aparcadoiro disuasorio (podendo cancelar dita cesión no momento no que a propiedade estea disposta a acometer a urbanización da zona ou efectuar algún tipo de aproveitamento sobre as parcelas).

No caso de chegar a un acordo, proceder ao acondicionamento da zona.

Intervén o Sr. Alcalde, que sinala que tanto o POR-14 como o POR-29 foron obxecto da corrección de erros nº 3, que non votaron a favor. O convenio está supeditado a que esa corrección de erros sexa aprobada. Gracias a este goberno que votou a favor desta corrección de erros van poden negociar despois cos propietarios o convenio. A día de hoxe é unha propiedade privada. Mentres non estea adaptado o PXOM ao que foron as súas alegacións e que foron aprobadas por unanimidade pola Corporación no ano 2022, non se van a sentar a negociar ningún convenio.

- As pistas que enlazan a parroquia de Ardemil coa de Leira, pola zona de Codeseda, presentan un estado de limpeza desigual. Segundo se pode ver nas seguinte imaxes, en Ardemil as pistas están limpas ata chegar ao río Cabrón, que marca



CONCELLO DE ORDES

(A CORUÑA)

aproximadamente o límite coa parroquia de Leira, pero na zona correspondente a Leira están sen limpar.

Cabe lembrar que estas pistas adoitan ser empregadas polos peregrinos que fan noite no establecemento hoteleiro situado na parroquia de Leira. Ademais a maleza impide ou dificulta a correcta circulación das augas pluviais polas cunetas, chegando a discorrer pola propia pista e danando o seu firme escavando regos. É polo que instamos ao señor Alcalde ao seguinte:

A proceder coa limpeza das pistas e cunetas das citadas pistas de Leira, para dar continuidade ao traballo iniciado na parroquia veciña e evitar que se sigan deteriorando coa auga sen canalizar.

Intervén o Sr. Alcalde, que sinala que o convenio vixente é 2025-2026, na parte de 2025 executouse Ardemil, na parte de 2026 vai a executarse Leira. Ata que comece o ano non se pode contratar a outra parroquia. Hai que agardar. Cando se contrate tamén se executarán Vialmaior, Barbeiros, Pereira e Montaos.

Intervén o Sr. Vilaverde Rey, en representación do grupo político BNG, que formula os rogos seguintes:

- No ximnasio do pavillón do Campomaior lévanse a cabo adestramentos de distintos clubs, clases... ademais doutras actividades. Existe unha problemática nos días de sol, que incide directamente na cristaleira e provoca un “efecto invernadoiro” que fai que aumente a temperatura do interior considerablemente.

É polo que instamos ao Sr. Alcalde ao seguinte:

A tomar as medidas necesarias para arranxar esta situación.

Intervén a Sra. Soneira Liñares, concelleira delegada de deportes, que sinala que o ximnasio ten un sistema de climatización. Abrir as portas ou das traslado da queixa ao Departamento de Deportes e mirarase de cambiar a temperatura.

Intervén o Sr. Villaverde Rey, que sinala que pensa que os días pola mañá nos que incide moito o sol con estores ou algo similar evitaríase esta incidencia.

Intervén a Sra. Soneira Liñares, que sinala que os venres pola mañá non hai actividade. Se hai algunha queixa intentarase solucionar.

Intervén o Sr. Candal Fariña, en representación do grupo político BNG, que formula os rogos seguintes:

- Na ponte do Melante da parroquia de Vilamaior, adoitan producirse asolagamentos de auga que supoñen un perigo para a circulación viaria por “aquaplaning” e salpicaduras.

É polo que instamos ao Sr. Alcalde ao seguinte:

Actuar na zona para favorecer a evacuación das augas pluviais, evitando que se produzan este tipo de acumulacións.



CONCELLO DE ORDES

(A CORUÑA)

Intervén o Sr. Alcalde, que sinala que se veñen realizando labores de mantemento en diversos puntos deste termo municipal. É un dos que está pendente. Na vindeira semana poderán estar por alí.

- Veciñanza do núcleo do Ceidón, trasladou a este grupo municipal que o persoal do servizo de limpeza viaria deixou de efectuar tarefas na zona, cando ate non fai moito tempo, achegábase a máquina varredora unha vez por semana ou cada 15 días.

É polo que instamos ao Sr. Alcalde ao seguinte:

Restaurar o servizo de limpeza viaria no núcleo do Ceidón.

Intervén a Sra. Soneira Liñares, concelleira delegada de medio ambiente, que sinala que se comentou coa empresa, o que dixeron é que seguían pasando, a veces pasan pola tarde se non podía pola mañá. Non se quitou. Se ven que non pasan que avisen non concello para dar traslado á empresa.

- No campo da Feira en Mesón do Vento hai un foco que leva acendido día e noite.

É polo que instamos ao Sr. Alcalde ao seguinte:

Dar traslado á empresa de mantemento do alumeado público para a súa reparación.

Intervén o Sr. Rodríguez Méndez, concelleiro delegado de medio rural, que sinala que xa está pasado o aviso á empresa fai varias semanas.

Por último ábrese unha quenda de formulación de preguntas polos distintos grupos políticos e concelleiros.

Intervén a Sra. Rivadas López, en representación do grupo político PSdeG-PSOE, que formula as preguntas seguintes:

- A veciñanza de Buscás infórmanos de que as obras que se mostran na imaxe deron comezo o día 26/06/2025 e quedaron posteriormente paralizadas, xerando diversas molestias durante este tempo. Por este motivo, preguntámoslle ao señor Alcalde:

¿Cal é a razón pola que as obras foron detidas?.

¿Cando está prevista a súa reanudación e finalización?.

Intervén o Sr. Alcalde, que sinala que terá lugar cando se faga o recuado por Telefónica dos postes. Antes tamén teñen que corrixir unha parte da rígola.

- En relación á petición de gravación e retransmisión das sesións plenarias, plantexada no pleno ordinario de outubro por parte do PSdeG-PSOE de Ordes.



CONCELLO DE ORDES

(A CORUÑA)

¿Púidose facer unha avaliación técnica dos custes e viabilidade desta iniciativa?.

¿De ser afirmativa a resposta, vai proceder o goberno local a gravar os plenos o vindeiro ano?.

Intervén o Sr. Alcalde, que sinala que a primeira valoración que lle entregaron ao informático foi de 14.500 euros. Son os mesmos que montaron o sistema na Deputación. Con estas cantidades e coa retransmisión que se está facendo a través da emisora municipal non van optar pola utilización de medios audiovisuais. Vanse pedir dous orzamentos máis e verán o que se oferta. E senón que a Deputación financie unha parte.

- O día 24 de novembro, ás 8:00 evidenciouse un fallo eléctrico que afectou á iluminación da rúa principal (Alfonso Senra), posteriormente houbo outras avarías. É polo que se pregunta:

¿Cal foi, nesta ocasión, a causa da avaría?.

Intervén o Sr. Alcalde, que sinala que salta un diferencial dunha fase, non queda todo o pobo sen luz, sospeitan que un arco do alumeado, non teñen claro cal é.

- Consta a este grupo político que parte do persoal da piscina climatizada Iván Raña realizou horas extraordinarias que non lles foron nin aboadas nin compensadas mediante tempo de descanso. Ademais, temos coñecemento de que algunhas solicitudes de compensación foron presentadas polo persoal afectado e, porén, foron denegadas.

Por este motivo, preguntámoslle ao señor Alcalde:

¿Cantas horas extraordinarias acumula, a finais de ano, o persoal técnico do Concello?.

¿Cando está previsto que se proceda a compensar esas horas?. ¿De que xeito se compensarán?.

Intervén a Sra. Soneira Liñares, concelleira delegada de deportes, que sinala que dende o Departamento de persoal solicitan que se poñan en contacto con eles xa que consideran que estas preguntas son un pouco ambiguas, onde lles darán resposta. De entrada o persoal técnico, os monitores-socorristas, non fan horas extras.

Intervén o Sr. Alcalde, que sinala que houbo unha reunión co persoal e aclarouse toda a situación. O entenderon perfectamente. Se por que o digan vostedes se vai a resolver, non. Teñen que seguir os trámites que lles indicou a habilitada nacional, llos explicou diante súa.

Intervén o Sr. Villaverde Rey, en representación do grupo político BNG, que formula as preguntas seguintes:

- No parque empresarial de Merelle, estase a proceder coa montaxe dunha torre de notables dimensións.



CONCELLO DE ORDES

(A CORUÑA)

É polo que preguntamos ao Sr. Alcalde o seguinte:

¿Cal e a finalidade da citada infraestrutura?.

¿Por que motivo está a ocupar unha parcela que podería albergar outro tipo de actividades cos seus respectivos postos de traballo?.

Intervén o Sr. Alcalde, que sinala que segundo información facilitada polo Departamento de Urbanismo cumpre con todos os parámetros urbanísticos esixibles, xustifícase o cumprimento de toda a normativa técnica aplicable, non existe inconvinte urbanístico para a súa instalación. Finalidade, instalación de estación base para a mellora dos servizos de telecomunicacións. Acordo Xunta de Goberno Local de data 26/09/2025. É unha cuestión estritamente de índole técnica.

Intervén a Sra. Vieites Calvo, en representación do grupo político BNG, que formula as preguntas seguintes:

- No pleno celebrado o día 4 de abril do 2024 aprobouse por unanimidade propoñer a Xunta Local de Seguridade convocada ao efecto, a incorporación do Corpo da policía local de Ordes ao sistema Vioxen co fin de materializar o protocolo de coordinación e constituír a mesa de cooperación policial para acordar de forma concreta como se materializará o contido do protocolo no noso concello.

No pleno celebrado o 27 de marzo do 2025 preguntamos se esta xuntanza se tivera realizado e se houbo algún acordo. A resposta dada foi que esa reunión non tivera lugar.

É polo que preguntamos ao Sr. Alcalde o seguinte:

¿Quen ten a potestade de convocar estas reunións?.

¿Que periodicidade se mantén?.

¿ Cando foi a última xuntanza realizada?.

Intervén a Sra. García Gómez, concelleira delegada de política social, que sinala que nese pleno dixo que a inclusión na plataforma debe partir dunha mesa de coordinación previa dos trámites necesarios e subordinada á Xunta Local de Seguridade. Xa estaban traballando nesa mesa de coordinación. Dende finais de 2023 enfocáronse nesas mesas locais de coordinación interinstitucional entre os sete concellos contra a violencia de xénero. Que se veñen reunindo dende o 2024, celébranse en Ordes anualmente, reunións de traballo semestrais tanto en Frades como en Cerceda. En xaneiro e febreiro haberá unhas xornadas formativa para o seu impulso. A estas mesas acude a Xefa da unidade de violencia sobre a muller da Subdelegación do Goberno, o Director xeral de loita contra a violencia de xénero, o equipo de Vioxen da Garda civil e os policías locais dos concellos. Vostedes falan do seguinte, da proposta de incorporación que se fixo. Xa se enviou ao Subdelegado do goberno petición para concertar unha reunión no que un dos temas a tratar é a convocatoria da Xunta local de seguridade no primeiro trimestre de 2026.



CONCELLO DE ORDES

(A CORUÑA)

- Na páxina do Concello de Ordes infórmase de que os días de recollida de residuos voluminosos serán os primeiros luns de mes no casco urbano e os segundos luns de mes no resto do concello.

Nos últimos meses as recollidas de voluminosos na vila estanse realizando os venres (así foi nos meses de Setembro, Outubro e Novembro) permanecendo os residuos na rúa durante toda a semana

É polo que preguntamos ao Sr. Alcalde o seguinte:

¿Cambiose a data de recollida de voluminosos e a información na páxina do concello está desactualizada?.

De non ser así: ¿ Que explicacións dan dende a empresa?. ¿Supón un incumprimento de contrato pola súa parte?.

Intervén a Sra. Soneira Liñares, concelleira delegada de medioambiente, que sinala que pola empresa entregáronlle as follas de recollida, correspóndense cos primeiros luns do mes no caso dos meses de setembro, outubro e novembro, os segundos luns, que no mes de outubro foi festivo. Pode ser que se non acaban, van ao día seguinte. Estes casos son illados, sacáronse os voluminosos fora do prazo.

Intervén a Sra. Vieites Calvo, que sinala que dúas das recollidas, unha no casco urbano e outra non, foron comunicadas por escrito o mércores ou xoves anterior á recollida non prazo que se estipula por whatsapp. A empresa era consciente de que tiña que facer esta recollida, estiveron aí toda a semana. Non sabe se se cambiou a data ou é un incumprimento.

Intervén a Sra. Soneira Liñares, que sinala que o que lle di a empresa é que moitas veces sácanse os residuos fora de prazo, recollen en calquera momento se lle coincide de pasar co camiión, tanto no centro como nas aldeas, pero non que non vaian os días estipulados. Estarán pendentes de que non volva pasar.

Intervén o Sr. Alcalde, que sinala que para comprobar o caso concreto que esa veciña contacte coa concelleira delegada de medioambiente, que é quen ten máis información para rebaterlle á empresa. De antemán ten que fiarse dos datos da empresa

Intervén o Sr. Candal Fariña, en representación do grupo político BNG, que formula as preguntas seguintes:

- No proxecto de obras de pavimentación da pista principal de Vilamaior dende o desvío cara o núcleo de O Castro ata o límite do concello de Ordes con Mesía figura unha partida destinada ao axuste das tapas de 15 pozos de rexistro da rede de saneamento ao novo pavimento.

Xa pasaron varias semanas dende que se procedeu coa pavimentación da estrada máis a día de hoxe aínda seguen as citadas tapas se axustar o que ocasiona problemas de circulación dado que os vehículos intentan esquivalas pola fochanca que supoñen na súa situación actual.

É polo que preguntamos ao Sr. Alcalde o seguinte:



CONCELLO DE ORDES

(A CORUÑA)

¿Cales son os motivos para que aínda non se adaptasen as citadas tapas de rexistro a pesar de ter transcorrido xa varias semanas dende que se procedeu coa pavimentación da estrada?.

¿Cando se ten pensado proceder?.

Intervén o Sr. Alcalde, que sinala que é consciente de que o tempo non axudou practicamente nada, despois ten que haber un tempo mínimo de curado do alglomerado antes de poñerse a cortalo para facer esta reposición a nivel. A obra está en prazo de execución. Se o tempo fose mellor xa estaría executada. No momento que o tempo o permita procederase con este arranxo definitivo e despois coa pintura para rematar a obra.

E non habendo máis asuntos que tratar segundo a orde do día da convocatoria, o Sr. Alcalde-Presidente levanta a sesión, sendo ás vinte e unha horas e cinco minutos do día ao principio sinalado, e para constancia do que se tratou e dos acordos adoptados, estendo a presente acta, que como Secretario certifico.

O ALCALDE-PRESIDENTE
José Luis Martínez Sanjurjo
(asinado dixitalmente)

O SECRETARIO
Juan Luis González Iglesias